

PLAN DE IGUALDADE

CEIP PLURILINGÜE DE BAÑO-XANZA

CREACIÓN

DATA: 11/ 11/ 2019

INDICE

1.- Introducción	3
2.- Contextualización normativa e do centro	4
3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.	5
4.- Obxectivos Coeducativos a través do Plan	5
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:.....	6
5.1. Organización do centro	6
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes	6
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	7
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	7

6. Seguimento e avaliación8

1.- INTRODUCCIÓN

É necesario un cambio no marco educativo onde, descartando antigos modelos, é posible contribuír á construción dunhas novas identidades que permitan aos nenos/as unha doada identificación con elas.

Polo tanto, o principal obxectivo deste plan de igualdade, é cuestionar actitudes sexistas e fomentar espazos de convivencia en igualdade que deben ir acompañados de actuacións preventivas e de aprendizaxe tendentes a unha convivencia en paz.

Trátase que a través da educación poidan desenvolver todas as capacidades individuais con independencia do xénero.

A escola debe transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os comportamentos de respecto aos demais; sen que teña cabida as actitudes agresivas, estereotipadas nin violentas.

Este plan ofrece pautas para a promoción de igualdade de xénero, a coeducación e a prevención da violencia de xénero no noso centro, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro. Establece medidas e actuación concretas para continuar afondando, desde una perspectiva de xénero, nos distintos plans de centro, nos materiais e no currículo, na aprendizaxe, a formación e a implicación de toda a comunidade educativa, na promoción de acción de prevención da violencia de xénero e na propia estrutura do sistema educativo.

As diferentes actuacións previstas para levar a cabo o noso plan de igualdade xirarán entono aos seguintes aspectos:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do consello escolar do centro.
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento no protocolo de identidade de xénero.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo).
- A coeducación como marca de identidade no proxecto educativo do centro.
- Diagnose previa da situación de igualdade de xénero no centro.
- Participación en actividades formativas e informativas onde se trate de forma directa ou transversal a perspectiva de xénero, etc.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

A Constitución Española de 1978 recoñeceu, no art. 14, a igualdade ante a lei por razón de sexo, establecendo que é unha obriga dos poderes públicos promover

as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva (art. 9.2.).

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas (tal el como se recolle nos art. 1 e 2 da citada lei).

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, establece no seu art. 23 o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes como un fin educativo, polo que a eliminación de obstáculos que dificulten a igualdade efectiva entre mulleres e homes será un dos seus principios de calidade.

Tal e como se recolle na *Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional*, co fin de promover e garantir o desenvolvemento de accións orientadas a paliar as desigualdades baseadas no xénero, e organizar as propostas de traballo dos centros educativos, elaboramos o seguinte plan de igualdade, onde se concretarán as medidas de actuación que levaremos a cabo para acadar os obxectivos coeducativos.

En canta a contextualización no noso centro, os obxectivos coeducativos

concretos no Plan de convivencia, aparecen reflexados no apartado 7 de obxectivos específicos : “ **Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, idade, crenza ou relixión.**”

Nos obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción tutorial, aparecen no apartado de desenvolvemento persoal e social, nos obxectivos específicos:

“Potenciar hábitos de formación integral nos diferentes ámbitos de desenvolvemento da vida da persoa favorecendo o respecto e tolerancia entre iguais”. En referencia aos Obxectivos do PEC: No obxectivo 1:“ *Fomentar o cumprimento das normas de convivencia e actuar en consonancia coas mesmas, tomando como referente o establecido nos Dereitos Humanos*” e no obxectivo 4:” *Incentivar o respecto polas persoas sen prexuízo da súa raza, relixión, sexo ou discapacidades*”.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Indicadores internos:

- Perfil do Claustro de profesoras e profesores : 20 mestras e 6 mestres.
- Cargos de responsabilidade: Directora , xefa de estudos e secretario.
- Perfil do alumnado: O número de alumnos é igual ao número de alumnas.

Repártense nas clases para que queden o máis equilibradas posibles.

Indicadores externos:

- As familias da zona son de clase media-baixa.

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS

1. Integrar e contemplar de modo transversal a perspectiva de xénero no plan de centro e nos proxectos que o integran
2. Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa, mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas expresións visuais, orais, escritas e entornas dixitais.
3. Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero.
4. Promover e fomentar autoavaliación dos centros docentes.

5. - MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

5.1. Organización do centro:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- • Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente dende unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia

- escolar:**
- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
 - Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
 - Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
 - Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
 - Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Como seguimento do noso plan de igualdade, propoñemos a utilización de matrices de análises de situación seguindo a táboa que presentamos a continuación:

Presencia de Indicadores SINON EN PROCESO

Datos estruturais

Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos no Plan de Centro

Está nomeada a persoa do Consello Escolar que impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Linguaxe escrito

Cartelería do centro

Comunicados

Documentos do centro

Materiais e recursos

Biblioteca

Taboleiro específico de coeducación

Presencia na web do centro

Enlaces a recursos externos

Sesións formativas / informativas para o Claustro

Sesións formativas / informativas para a comunidade educativa

Outras actuacións e medidas

Utilización igualitaria de espazos, recursos e tempos

Realización de actividades deportivas e complementarias con perspectiva de xénero

Para o noso centro seleccionamos as seguintes medidas, actuacións e indicadores

establecidos no Plan de Igualdade, en relación con obxectivos propostos no mesmo
MEDIDAS , ACTUACIÓNS E INDICADORES

Obxectivo 1

MEDIDA ACTUACIÓN INDICADORES

Integrar e contemplar de modo transversal a perspectiva de xénero no plan de centro e nos proxectos que o integran

Elaboración del plan de igualdade de xénero que recolle as actuacións do centro en materia de igualdade e que estará dentro do plan de centro.

Autoavaliación , por parte do centro, do desenrolo dos obxectivos e da eficacia das actuacións contempladas no plan de igualdade. Nomeamento dunha persoa encargada de coordinar dito plan

Obxectivo 2

MEDIDA ACTUACIÓN INDICADORES

Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa , mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais, orais, escritas e nos entornos dixitais.

O Equipo Directivo establece as actuacións e directrices para asegurar a utilización dunha linguaxe non sexista no centro

Valoración do uso e presenza dunha linguaxe inclusiva tanto na linguaxe oral como escrita do centro.

Obxectivo 3

MEDIDA ACTUACIÓN INDICADORES

Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero

Dentro da acción tutorial dos diferentes niveis educativos , se contemplarán actuacións específicas de educación en valores non sexistas , de construción de roles de xénero ,educación afectivo-sexual tendo en conta as diferentes orientacións sexuais

recoñecidas,autonomía persoal , construción do auto-concepto e elaboración dun proxecto de vida sen sesgos de xénero, educación emocional ,

Actuacións relativas a sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero desenrolada no ámbito da acción tutorial

adecuada xestión dos
conflictos e prevención da
violencia de xénero.

Obxectivo 4

MEDIDA ACTUACIÓN INDICADORES

Promover e fomentar a autoavaliación dos centros docentes

ión de indicadores de o para a avaliación e a ración dos informes s de autoavaliación .

Inclusión de indicadores de xénero nos informes anuais de autoavaliación en relación coa

implantación e seguimento do plan de igualdade de xénero en educación .

Inclusión de indicadores de xénero nos informes anuais de autoavaliación en relación coa implantación e seguimento do plan de igualdade de xénero en educación .

A nosa avaliación para conseguir os mellores resultados consistirá nunha avaliación continua que nos permita se os obxectivos plantexados están sendo adecuados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e poder realizar as modificacións oportunas. Valorarase o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das diferentes propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo iso, empregarase entre outros os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actividades plantexadas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunión de seguimento cos titores.
- Memoria do Proxecto.